

## COMUNICACIÓN DO INICIO DOS SERVIZOS DE MADRUGA E COMEDOR

**Unha vez producida a validación por parte da Xunta do protocolo para os servizos de madrugada e comedor redactado por FANPA, anunciamos que os servizos comezarán o vindeiro luns día 5 de outubro** nos centros públicos dos concellos de Pontevedra e Marín que os teñen xestionados por FANPA.

Agradecemos ás ANPA o apoio prestado nestas semanas, mentres se facía todo o posible por acadar as condicións necesarias para a prestación dos servizos nunhas condicións axeitadas. Tamén agradecemos ás familias a paciencia mostrada fronte a incógnita do inicio destes servizos tan necesarios para a conciliación.

Nestes días ata o inicio do servizo, FANPA e ARUME levaremos a cabo as tarefas necesarias para implementar o protocolo nos madrugada e comedores xestionados, coordinando as medidas recollidas nel coas direccións dos centros onde se prestan os servizos.

**Os prezos dos servizos sen aplicar as subvencións serán:**

	<b>Comedor</b>	<b>Madrugada con almorzo</b>	<b>Madrugada sen almorzo</b>
<b>5 días</b>	106,37	73,65	58,17
<b>4 días</b>	85,10	58,92	46,53
<b>3 días</b>	63,82	44,19	34,90
<b>2 días</b>	42,55	29,46	23,27
<b>1 día</b>	21,27	14,73	11,63

Estamos ultimando os prezos definitivos dos servizos aplicando a subvención e os faremos públicos o antes posible.

Pontevedra, 28 de setembro de 2020